

A·R·OSA·TERRA

BOLETIN DESENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRICIÓN

Na Crúña, ó mes, 40 cts.
Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, Id. 2 »

Pagos adiantados

Redaición e Ademistración: REGO D'AUGA, 38, 1º

Número 46

A CRUÑA 20 DE FEBREIRO DE 1918

O CACIQUISMO RETRATADO POR COSTA

VERBES DO GRAN PATRICIO

FALANDO o insigne autor d' «Oligarquía e caciquismo» do estado en que s'atopaba España despois da revolución do 68, traíslas a que «quedou incólume o trono do cacique», dí:

«Cada rexión e cada provincia hachábase dominada por un particular irresponsable, diputado ou non, vulgarmente alcumado en esta relación *cacique*, sin' cuia vontade ou beneplácito non se movía unha folla de papel, non se despachaba un expediente, nin se pronunciaba un fallo, niñ se declaraba unha esenzón, nin se nomeaba un xuez, nin se trasladaba un empregado, nin s' acometía unha obra; pra él non había lei de quintas, nin lei d' angas, nin lei de caza, nin lei municipal, nin lei de contabilidade, nin leises d' enxuizamento, nin lei eleitoral, nin Instrucción de consumos, nin leises fiscales, nin reglamentos da Guardia civil, nin Constitución política do Estado; Xuzgados, Audenzas, Gobernadores civiles, Diputazós provinciales, Administración central eran instrumento seu, nin mais nin menos que si fosen creados soio pra servilo. Non había que preguntar si tiñades razón, si a lei estaba da vosa parte, pra sabere como se fallaría o preito, como se resolvería o expediente: había que perguntar si lle era indiferente ó cacique, e por tanto si mantínase neutral, ou si estaba con vosotros ou contra vosotros. Era declarado esento do servicio militar quen el quería qu'o fose, por prezo ou sin él; estraviábanse os expedientes e as cartas qu'él quería que s'estraviasen; faciase xustiza cando él tiña intrés en que se fixera, e fallábase a sabendas contra a lei cando non tiña razón aquel a quen él quería favorecer; metíase na cadea a quen él tiña por ben, siquera fose o mais inocente; a quen quería ceibar do cárcel ceibába, sacándoo sin fianza, ainda que se tratase d' un criminal; imponíanse multas si era a sua vontade que se impuxeran, houbese ou non motivo; repartíanse os trabucos non según regla de proporción e conforme ás instruções d' à Facenda, sinón conforme á sua comenenza e á da sua clientela ou

à forza que trataba de facer ós neutrales ou ó castigo que quería impôrlles polo seu desprezo ou pola sua entereza; a quen quería mal ou se non sometía, faciába pagar sobre; as alzadas non tiñan cur-

bábanse as contas qu' el recomendaba, e por outras iguales multábase ou encausábase a un Auntamento, porque non era da sua parcialidade ou do seu agrado; era diputado provincial, alcalde ou rexidor aquél a quen él deseñaba ou recibía pra instrumento das suas vanidades, dos seus medros ou das suas venganzas, donándolle en troque carta branca e cubríndoos pra que fixesen impunemente da facenda comunal e do derecho dos seus conciudadanos o que lle parecese. Tiñan demarcado polos xerarcas supremos o seu feudo, o cal abrangía ben unha rexión, ben unha provincia, ou ben un ou mais distritos dentro d' ela; y-él á sua vez tiñao dividido en marcas e sub-feudos por vales, serranías ou localidades, en cada un dos que imperaba omnímodamente un cacique de categoría inferior, a xeito d' alcalde seu, o cal ademais obraba por conta propia; formando no seu vasto conxunto unha rede tupida que tiña collido debaixo a tod' o país.

Aquel estado subsiste íntegro, ainda que s' agravó coa hipocresía da soberanía nacional e do sufraxio universal, escarnio e inri da España crucificada».

Continúa Costa decindo que o dito estado «forma un vasto sistema de governo, orgaizado a xeito d' unha masonería por rexios, por provincias, por cantos e municipios, cós xeus turnos e as suas xerarquías, sin qu' os chamados auntamentos, diputacións provinciales, alcaldías, gobernos civiles, audenzas, xuzgados, ministerios sexan mais qu' unha soma e como proiección exterior do verdadeiro governo qu' é ese outro subterraneo, instrumento e resultante sua, e non digo que tamén o seu editor responsabre, porque das fazañas criminais dos uns e dos outros non responde ninguén. E como a superposición de dous Estados, un legal, outro consuetudinario; máquina perfeuta o pirmeiro, reximentada por leises admirables, pro que non funcionan; dinamismo anárquico o segundo, no que a libertade e a xustiza son privilexio dos malos, onde o home reuto, como non claudique e se lixugue, sucumbe».

OS NOSOS MORTOS MANDAN...

DE EDUARDO PONDAL

* * *

Non cantes tan tristemente,
Probe e desolada nai;
Non lle cantes cantos brandos,
Pr'adormecer o rapaz;
Ond' está a cova do sono,
No céltico carballal;
Cántalle cantos ousados,
Qu'esforzado o peito fan;
Cántalle o que ja cantara,
O nobre bardo Gundar;
A luz virá para a caduca Ibéria,
Dos fillos de Breogán!...

* * *

Fóra abondo co oprobrio pasado,
D'un brando servir;
Madre escura d'escuros ilotas,
Mesénia infeliz.
A Pitia convulsa,
Dixerá de ti;
O oráculo dixo:
—Quen serve, ese é vil.
Ser forte ou escravo,
Morrer ou vivir;
Cingue o peito d'esforzo e de ferro,
Spartáco ch'o dí;
Esnaca na frente de quen ch'o lanzara,
O estigma servil!

so ou finaban no carpetazo; as carreteiras iban non por onde as trazaban os inxenieiros, sinón por onde caían as suas fincas, os seus pobos ou os seus caseiríos; os montes do Estado que tiñan de mercar eles ós seus protexidos tiñan a cabida qu' eles fixaban, e anulábanse as mercas dos contrarios; apro-

DIANTE DAS ELECIÓS

ACHÉGANSE os días da elección de novos representantes do pobo no Parlamento e, a medida que s'achegan, a labor preparatoria, traballos de porpaganda, visitas dos candidatos ós distritos, etc., duplifcase e faise cada vez mais intensa. A loita política adquire n-istes días carauteres agudos e d'outa tensión. Tardouse en adevertire a proisimidade da cotenda, até o eistremo de sere maioria os que pensaban qu'as d'agora serían unhas eleuciós mais com'as que, até o persente, contituiron en España o exercicio do sufraxio. Mais agora púidose ollar qu'a cousa non era eisf. Por todal-as partes os candidatos recorren os seus distritos procurando pôrse á fala cós que terán de sere os seus eleutores; recollendo d'iste xeito as suas aspirazóns i-eispoñendo ó mesmo tempo o programa que terán de levare ó Parlamento, caso d'abraguere o número de sufraxios que cobizan.

Si non en todo—qu'isto ainda ten de tardar—pol-o menos en parte, algo nótase de variación nos procedimentos eleutoraes do actual Goberno. Non todo o que se falou de renovazón foi valeira palabreiría. Moito hai de realidade, inda que tamén haxa algo qu'indique todo o contrario. E qu'aquello é certo amóstra o feito d'hacharse entregados á ardorosa propaganda outos persoaxcs da vella e ladroeira política que, en semellantes circunstanzas, nin siquera se movían da Corte, a sua residenza habitual, pra faguecen unha sempre visita de pura fórmula a aqueles que nominalmente tiñan de sere os seus eleutores. Moito mais cómodo qu'isto resultaba, estonces, o avistarse cō ministro da Gobernázón e qu'iste decidira dend'o seu despacho; ou ben trasmitir ordes ós representantes do *siñor* nos pobos, pra qu'eles amañasen e desfixesen, cncarregándose de votar por todos os probes infelices que, desconocedores dos seus dereitos, non serviron até agora mais que pra sere bestas de cárraga de todol-os trabucos e de todal-as ixustizas.

Mais hoxe as cousas variaron por completo. O labrego, denantes considerado soas-

mente cando de contribucións e rendas se trataba, olla hoxe con admirazón com'o laberco, que fai tempo soio s'arrimaba á él pra amolalo mais e mais, lle pasa a man pol-as costas, entramentres vaille ceibando unha letanía de promesas que teñen todol-os carautes das bágoas do cocodilo. ¡Cousas dos tempos! Os nosos noxentos eisprotadores e opresores siguen hoxe, felmente, o consello de Gracián, por algo é época d'eleuciós: non poden vestir a pel do león e visten a da vulpexa. Mais de nada valen os tapuxos; a xente decatouse de qu'a verdade loita ispidamente e por iso tórnase de costas ós que, cubrín-dose, queren ocultar a ruindade que traís a cobertura acochan.

Por outra parte, aquel antidemocrático e ausurdo encasillado, verdadeira burla á vontade d'un pobo que se titulaba ceibe, desaparecú, e xa as autas non se donan nas antesalas dos Ministerios ou nos antedespachos dos Gobernos civiles, sinón qu'é perciso ir a buscas ós distritos, onde s'hacha a verdadeira forza que debe otorgalas: o pobo.

Dende logo que, pol-o momento, imposi-

bre será cortar de raíz os abusos, non en balde leva o tinglado caciquil tanto tempo montado; mais imprescindible era que s'iniciaran algunha vez os procedimentos novos. E ista iniciativa de procedimentos decorosos é a qu'agora estamos persenciando con ocasión das eleuciós qu'o próximo 24 terán lugar, eleuciós que non significarán pra nos—sexal sexa o seu resultado—outra cosa qu'a de sere com'o comenzo definitivo da loita que con elas s'inicia, e que xa endexamais finará, até qu'a sagra arela d'ollar unha Galicia sin eisprotadores e dona dos seus destinos haxese convertido n-unha forte realidade.

E de lamentare qu'espirtos nobles, puros e xenerosos, despois de tere loitado bravamente pol-a independenza espiritual, véxanse obrigados, maltreitos e desilusionados, a deixarse levar do demo da política ao uso, consentindo qu'os encasillen pra diputados de artigo 29 por calquer desdichado distrito galego fallo en ausoluto de concenza civil e política.

(De Miguel de Unamuno, nun artigo seu).

Efemérides galegas ⁽¹⁾

FEBREIRO

Día 11

Ano de 1443. O rey don Xuan II de Castela presenta para o bispado de Ourense a Fray Xuan de Torquemada.

Día 12

Ano de 1873. E solicitado polos republicanos que se ceiben do carce os procesados polos sucesos de Outono de 1872 no Ferrol.

Día 13

Ano de 1853. Cai na cidade de Ferrol unha nevada tan grande cal había moitos anos non se acordaba outra naquela localidade.

Día 14

Ano de 1895. Apróbase definitivamente o proyeito de lei de ferrocarril de Vigo a Bayona.

Día 15

Ano de 1789. Entra no Ferrol de facer corso contra dos piratas, a fragata *Santa Perpetua*.

Día 16

Ano de 1776. E nomeado alferes de fragata o ilustre fillo de Corme (Ponte-

Ceso), D. Antonio Mourelle da Rua, que despois foi un navegador de grande sona.

Día 17

Ano de 1066. O rey de Galicia, don García, fai xuramento di lles conservar todo o seu honor e non lles facer mal ningún aos Condes D. Mende e D. Sancho e ao bispo Vistrario.

Día 18

Ano de 1757. Ponse no Arsenal de Ferrol a quilla ao navío de sesenta cañóns, *Campeón*.

Día 19

Ano de 1888. Abrese en Santiago a Escola de Artes e Oficios.

Día 20

Ano de 1853. Morre en Madri o héroe do Callao, fillo de Santa María de Trobo (Lugo), D. José Ramón Rodil, marqués de Rodil, xeneral que obtuvira grande sona pol-a defensa d'aquela praza do Perú e que prestara grandes servicios nas guerras da Independencia, América e carlista, e que fora un dos literarios de Santiago.

(1) Ista sección, a cargo d'un ilustre e culto membro d'Academia Galega, seguirémola publicando no sucesivo.

Moito se fala, por certos demócratas de *double*, contra o caciquismo; mais, cando se trata d'ire contra dos representantes d'ise caciquismo, ninguén fala. Elo ten a sua eispricazón: pra un demócrata ao uso a verdadeira democracia consiste en combatire sempre ás xeneralidades, nunca ás persoas, e, por iso, velái a aitude de certos elementos.

Durazón galega

Rosalía... Xermen fecundo de santas
rebeldías... Alma Mater da Galicia ceibe...
Qu'o teu doce e santo nome, endexamais
en vano sexa invocado.

EDUARDO NOGUÉS.

(De *Nova Galicia*, de Buenos Aires).

Os Poemas da Esaltazón

A carne.

IDOLO eterno!

Erel-a esgrevia escultura de carne, a
escultura da mármore rosa.

Eu reveréncioite.

Eu ofrézcoche a frolazón ardorosa de mi-
ña Xuventude.

¡Ouh carne!

Arela, dixo Hugo. I-en por iso na leta-
ña de Rubén, lostreguean istes versos:

«La vida se soporta,
tan doliente y tan corta,
solamente por eso:
Roce, mordisco, beso...

Soasmonte por iso. Soasmonte por iso....
Idolo eterno e insaciabre!

En todol-os momentos ternos d'ofrendar-
te, nos cálices d'ouro, o roxo viño dyoni-
siaco do noso sangue.

Donas a ledicia d'aquel Momento, e dó-
nal-a tristura despóis...

Uuha tristura malada e morbosa, malen-
cónica e util...

¡Ouh, a Lledicia efímera e o Dôr eterno
da carne!

E todos, os optimistas e os xóvenes e os
eunucos, com'un soio, adorámose.

I-erel-o Idolo.

O único Idolo de todâ nosa Viola.

O vello Schopenhauer tiña unha mueca
sarcástica ó falare do Amor.

O Amor, non é mais qu'o desexo da Car-
ne, afinda o mais ateigado d'espirito.

Soio se ama a Vida, pol-a consagrazón
litúrxica d'aquel Momento...

EVARISTO CORREA CALDERÓN.

En Galicia hoxe, na loita presente, non
hai mais que dous bandos combatentes:
a un pertenecen os enemigos do caci-
quismo, todol-os que significan oposi-
ción aos vellos partidos; constituyen o
outro, non soio os caciques e os seus
criados direutos, sinón tamén os que,
cubrindo coa máscara de libertade,
democracia, etc., fan sua a frase «non
quito nin poño rei, mais axudo ao meu
síñore».

O PAXARO DE ARMENTEIRA

Conto de RAMÓN CABANILLAS

I

Eu mesm'o lín no Libro dos Abades
do siforial Mosteiro de Armenteira:
San Ero, o prior, deixou durmindo os frades
unha fresca mañán de primaveira

e cavilando no mestéreoinxente
da Grórea, sempre leda e duradeira,
na mau levando un chusco de pan quente
meteu-se na veciña carballeira.

Oindo o canto d'un paxaro estivo
trescentos anos,—com'o lín o escribo,—
y-o chegar ó mosteiro de retorno,

o novo monacal coro ademira
qu'o anaco de pan con que saira
tres siglos antes... ¡inda estaba mornol

II

Contáronmo a carón d'unha lareira
que non-o lín no Libro dos Abades:
Hay un sigro, e sinón ándalle á veira,
d'accordo a curia,—¡iban ás mitades!—

roubaron uns larcháns, a mau armada,
o mosteiro,—qu'está nas soedades
do monte, antr'os piñeiros da valgada,
y-eran n-aquel entón ricos os frades.—

Mataron o prior y-o campaneiro
y-arramparon alhaxas e difieiro...
hastra que mais non coupo no refaixol

Entrampallou a curia o socedido,
veu, logo, a escraustación... tempo perdido...
o mosteiro, deserto, veuse abaixol

III

Amontados en burros, ó pasiño,
por coñocer as ruinas do mosteiro,
colléu un luns de Páscoas o camiño
a tola mocedá do meu riveiro.

Chegamos; y-o xantar, ¡lembro inda o viño,
contei as lendas, y anadín sabía
qu'aquel qu'antre os carballeiros o fuciño
se astrevera a meter... algo verá!

Naide o creyéu; mais unha costureira
y-un mozo foron ver á carballeira
e puñeron; á volta, o conto en craro.

Eu pregunteilles: *¿Qu'houbo d-esa xente?*
Pois,—dixeron,—nin frades nin pan quente
nin ladróns, pero... ¡vimos o paxaro!

IV

Quedou a cousa así. Si algúns surriron
os más d-eles quedáronse calados;
e dimpois que, eu tamén, se adevertiron
bailando, hastra sair casqu'abafados,

pasiño á paso, o mesmo que denantes
nos burros,—e nas burras,—amontados,
pónense o sol chegamos a Barrantes
e, noite xa, caímos en Cambados.

Pero, ¡cata ahí qu'o demo non é xordo
e cando ti estás tolo él está cordol!
O caso é qu'o paxaro... fixo niño

e debeuno faguer na carballeira
porqu'alá por xaneiro, a costureira
—¡bóia nol-a meteu!—toubo un meniño!

Hai dous nomes qu'endexamais pode-
rán aparecer separados n'acordanza
dos bos galegos; istes nomes son: Gas-
set, Nebra.

No gassetismo, unha das pragas mais
vergoñosas que caeron derriba da nosa
terra, hai certo recendo a sangue
humana.

OLLANDO PRA TERRA

O CASAS E O SOLÁ

NA loita pola renascenza da língua galega,
son os que istán frente do emprego do
idioma rexional todol-os homes d'unha xe-
nerazón que istá nos coarenta anos. Todolos
homes menos algúns moi insines como don
Ramón do Valle Inclán que ten feitas cán-
tigas de beleza indiscutibel en galego e que
cando escribe en castelán faino garridamente,
c'unha nova maneira porque vota man
de xiros galaicos e chega o encanto sutile
de moitas cousas empregando verbas da
nosa língua.

Na xenerazón dos coarenta anos hai dous
nomes que rifan moito contra do galego.
Son Manoel Casás, da Cruña, e Xaime Solá,
de Vigo. ¡Teñen razón?

Non teñen nin frangulla d'ila.

A proba donárona iles mesmos. O Solá,
autore d'unha novela que se chama «Anduriña» dí que en Galicia non se fala galego.
Pro fil ponle un nome a súa novela que é
una verba galega. E non fai sóo iso de
pórelle nome galego. Tamén hai nas páxe-
nas da produzón de Solá cantares en língua
galiciá.

O outro síñore—o síñore Casás—quere
ademostrarre que Galicia non percisa do seu
idioma pra sere pobo moderno. Pol-o con-
trario: Ise idioma é un estorbo pras relazós
interrexionais e mundiales. Pro o síñore
Casás non ten ademostrado que Cataluña e
Vasconia que empregan as súas falas, non
son as rexós mais adiantadas da Nazón.

Tamén o síñore Casás ten esquencido
aqui argulo con que fai tres anos falaba no
Ateneo de Madri dos escritores en língua
galega, do rexonalismo galego e daquelas
manifestazós do Faraldo sóbor da indepen-
denza de Galicia. Por certo que o Casás non
condeó as parolas separatistas do hestore-
readore galician citado.

D'eiquí dedúcese que o galego ainda pra
istes homes de coarenta anos, e útil. Polo
menos é útil pra que falen nos Ateneos e
pra que lle poñan sabore e coore e nome
as súas novelas.

XAVIER MONTERO.

Madri, Febreiro 1918.

NO TURREIRO

ÁS PORTAS DA BOTICA

DON Nicandro Tachuela Piedevaca, marqués de Siete Villas Escaldadas e conde de los Asoballados, era deputado á Cortes por Sobradelo dos Carneiros, facía vinte anos, pol-o menos.

Dend'entón, o boticario foi o direutor do movemento agrario, y-o cacique xa lle non valeron ameazas nin outros medios de domear o distrito. O ameazado chegou a sere él.

Viros as eleucions pra deputados y-os agrarios de Sobradelo dos carneiros decidiron ir á loita.

Nomearon o seu candidato y-encomenzou a batalla entre eles e mail-o cacique.

Como éste era o que repartía os postos y-o diñeiro d'os Auntamentos do distrito, non lle faltaban amigos que ll'axudaran.

Choveron as demandas y-os encarcelamentos enriba dos agrarios, mais istes aconsellados y-animados por D. Celedonio Faramiñán, o boticario, non cederon.

Houbo venganzas de todal-as crases, propagandas autivas, sairon preódicos y-aquilo era do que nunca se coidou ver en Sobradelo. Os vellos estaban asombrados y-os mozos servían d'antusiasmo.

Unha noite, os amigos e criados do cacique foron marcando con letreiros as portas dos contrarios, e cando chegaron á da botica, escribiron isto:

Dend'entón, o boticario foi o direutor do movemento agrario, y-o cacique xa lle non valeron ameazas nin outros medios de domear o distrito. O ameazado chegou a sere él.

Viros as eleucions pra deputados y-os agrarios de Sobradelo dos carneiros decidiron ir á loita.

Nomearon o seu candidato y-encomenzou a batalla entre eles e mail-o cacique.

Como éste era o que repartía os postos y-o diñeiro d'os Auntamentos do distrito, non lle faltaban amigos que ll'axudaran.

Choveron as demandas y-os encarcelamentos enriba dos agrarios, mais istes aconsellados y-animados por D. Celedonio Faramiñán, o boticario, non cederon.

Houbo venganzas de todal-as crases, propagandas autivas, sairon preódicos y-aquilo era do que nunca se coidou ver en Sobradelo. Os vellos estaban asombrados y-os mozos servían d'antusiasmo.

Unha noite, os amigos e criados do cacique foron marcando con letreiros as portas dos contrarios, e cando chegaron á da botica, escribiron isto:

VIVA TRUCHUELA
FARAMIÑÁN É UN CABALO

Como os dous renglóns ocupaban tod'o ancho da porta, ô abrir as duas follas de

Coido eu que por todas istas cousas, en Sobradelo dos Carneiros non había herexes. Porque, vamos a ver ¡qué veciño d'aqueles negaba o inferno? ¡Non-o estaban xa eles pasando en vida!

Mais chegou un día en qu'a forza d'asoballados, os carneiros sentíronse homes, e seguindo o exemplo d'outros destritos, ordenaron de facer unha Sociedá d'Agricultores.

¡Nai que me dóu, o qu'alf s'armou! O cacique ameazou con mandar ós da Xunta á prisidio e con derrear ós demás con multas, consumos e toda cras de trabucos.

Acostumados á obedecer ó cacique, houbo algúns veciños que se deron de baixa na Sociedá, e tras d'eles irían os demás, si non acodira como acodiu un home qu'has tra entón non se metera en nada.

Era o boticario de Sobradelo dos Carneiros, home de concencia san, que lía os preódicos de Madri y-estaba enteirado do que pasaba pol-o mundo.

Presentouse un día de reunión na Sociedá, e tales cousas dixo, que non soilo non fuxiron os poucos socios que quedaban, sinón qu'ainda volveron os que fuxiran por medo ó cacique.

madeira, quedaban cortados d'iste xeito: na folla da izquierda:

VIVA
FARAMIÑÁN

E na da direita:

TRUCHUELA
É UN CABALO

Cando tal víu o boticario, botóuse á río, e dende entón hastra o día d'as eleucions, soilo abría media porta. Pol-a mañá tiña pechada a folla que decía:

VIVA
FARAMIÑÁN

E pol-a tarde, a outra, onde se lía:

TRUCHUELA
É UN CABALO

Qu'era percisamente o contrario do qu'os caciquistas quixeron escribir.

ABELINO RODRÍGUEZ ELIAS.
(Chuco de Canedo.)

Vigo.

....Prégovos que me denunciades os abusos que se cometan nos repartimentos de consumos e na cobranza d'impostos. Eu empeño a miña palabra e o honore do meu cárrego ao prometer-vos que s'aplicará o debido castigo a quenes traten de coartar a libertade do pobo.

E conste que s'aplicará o correutivo inesorabremente, sexa quen fore o que cometa a infraución e calquera que sexa o partido a que perteneza e o candidato a quen apoie. O criterio do Goberno será igual pra todos...

(Ventosa, ministro da Facenda, en Ourense).

TRANSIT

GLORIA

De paisage ridente circundados
E de hedras e de silvas coroados,
Os vellos paredós miran ao val.
Pero ainda que o paisage sea ridente
Non deixan d'amostrar ben craramente
Que pasou por alí o ange fatal.

Fai darredór dos muros a espesura
Das albres bravas unha sombra escura
Que cingue e beixa, con un tenro amor,
Os tristes restos onde acaso outrora
Mais de un héroe viviu, de quen agora
Nin do nome topamos sabedor.

¡Como as moréas, ay, de negras pedras,
Entre petadas de rastreiras hedras,
C'o río contrastan do florido Abril!
O campo todo, o seu verdor renova;
Todo guarnece e viste unha cór nova:
Todo embalsama un recendér util.

As sombras dos que alí foron un día
Arrebatados pol-a Parca impia,
Parece que as ofmos respirar,
E en torno das paredes van vagando
Como o canto viageiro vai buscando
No deserto un albergue onde pousar;

E que unha procesión d'espectros anda
E recorrendo vai, de banda a banda,
Os que foran espréndidos salós;
E que se sinte o choque dos escudos,

De aceiros o renger e golpes rudos,
E berros e groseiras maldiciós,
Ou o canto de nobres trobadores,

Ou de damas cautivas dos amores
Un docísmo e vago suspirar.
¡Ayl os idos na innúmera ringleira,
Que aquí regou a Morte, no hai maneira
De que poidan á vida retornar.

Mira o lagarto único testigo
Do que o tempo voadór levou consigo,
Dende as gretas dos preñes paredós,
E con ollada fría e languiente,
O estrago contempra feito ao rente
Tendo as albres por fúnebres crescós.

En van polos estintos jay! chamamos,
Ninguén responde, e sempre nos topamos
Co'a muda esfinge que nos da pavor.
O mísero mortal soyó un viage
Fai nesta pobre terrenal pasaxe
En busca de hourizonte enganador,

E corre tras pantasma misterioso
E esperanzas sin ceo, cubizoso,
Oíndo da serea cantar ruín.
¡E que queda detrás? A torpe esquencia
Dos homes e das cousas. Impotencia.
Silencio aterrador. Noite sin fin.

FLORENCIO VAAMONDE.

Ganivet, clarividente

QUE ben dixo o filósofo de Nuremberg ó decir que soio lonxe da praza pública e da gloria viviron de cote os inventores de valores novos! Apartados de todos, incomprendidos cando non menospreciados, eis! viron discurrir a sua vida os cimentadores d'outos ideaes. E iste foi o caso concreto d'un home cuia lembranza háchase hoxe, sinón perdida de todo, polo menos moi esquecida: referímonos á Anxel Ganivet. Sinón fora porque a gloria da posteridade é unha lus qu'endexamais s'apaga, permanecendo sempre acesa, ninguén se lembraría hoxe d'él.

Pro iste esgrevio pensador, inda que non conocido—e con isto amóstrase o seu valimento—por esa masa amorfa que se chama o vulgo, a despeito de todo conserva a sua capela e o seu culto. A frase de Gounod «a posteridade é unha superposizón de minoirias» nunca puido, millor que n'iste caso, atopárselle tan ben axeitada. O espírito de Ganivet é algo redivivo e latexante pra todos aqueles que, pequenos discípulos seus, sabemos beber con deleite as augas da ideoloxía escintilante qu'él vertéu nas páxinas da sua obra, non moi estensa, pro ateigada d'enxundia.

Mais ¡cómo estrarán o esquecemento en qu'hoje se ten ó autore do «Ideario español» si xa no seu tempo, por incomprendido, hachouse illado? Ganivet foi d'isos homes que, forzosamente, terminantemente, tivo que vivir soio, n'aquela soledade esprenida en que todolos espíritos grandes viviron. Como apunta Navarro Ledesma, non era posibre qu'a sociedade de figurós e d'homes acorazados coa rutina de todolos falsos convencionalismos e prejuicios sociales e políticos, s'aviñese a faguer caso e conceder belixerencia a unha mentalidade cal a

de Ganivet. E por iso ista mentalidade escelsa ollousa colocada n'aquel oasis de paz qu'endexamais tripan nin triparán os vividores da praza pública.

Adiantándose ó seu tempo Ganivet soupo ollar, con unha clarividencia admirabre, moitos dos probremas qu'hoje s'hachan pranteados, e ainda sendo como era, fundamentalmente españolista, na sua labor doutrinal peita e revólvese, decididamente,—jouh os nosos parvos e labercos patrioteiros!—contra o centralismo político que querendo nivelare a todos, o qu'é imposible, abafa a España.

Y-eistí, d'iste xeito, Ganivet n'unha das cartas que constituén o seu «Epistolario», dí: «¡Abaixo, pois, esa centralización que convierte en ridiculez o provincialismo! Como o ideal d'hoje é ensanchar a nazón a costa de Portugal e de Marrocos, sexa o ideal de mañán crear en cada cibdade a *polis*, autónoma, onde os cibdadáns poidan vivir en familia, quen sabe si paseando en mangas de camisa, filosofando baixo a dirección dalgún Aristóteles. Abranguido isto, virán por añadura a calma e o desinéres. N'iste réximen federativo é fácil a imprantazón d'un socialismo práctico.»

Tal é a eispresión sintética do qu' aquell gran español, adiantándose ó pensamento da sua época e dos seus compatriotas, coi-daba necesario pr'ò porvir d'España, iste porvir, hoxe presente, qu'os labercos do centralismo tratan de desvirtuar axudados polo fanatismo e a inconscenza d'os elementos representativos de toda unha funesta política de negazón.

FEDÓN.

ANACOS DE PAROLA

Procedimentos renovadores

A todos resultou insólito, até o estremo de faguer pensar que s'hachaba un foral da realidade; o feito de que dous ministros da Coroa fosen de porpaganda eleitoral. E mais que por nada tal acontecemento sorprendeu e abraiou por sere España, o país por antonomasia dos precedentes, a terra onde o feito ocurrou. Isto é unha proba palpatoria de qu'as normas vellas van desaparecendo. Dend'o momento en que se persican sucesos tan inusitados com'os que comentamos, pode afirmárese decididamente qu'a renovación prometida polo actual Goberno non era unha de tantas promesas gubernamentais sin valor algúin. Mais bon é ter conta, pra non achacar méritos á quem non os ten, qu'a forza qu'empuxa os nosos gobernantes faguéndolles seguir normas qu'endexamais seguiron e que tanto escan-

dalizan ós vellos labercos da política, dos que ainda hai variados exemplares no Gabinete, é a forza das correntes renovadoras orixinadas en Cataluña e representadas no Goberno polos dous ministros catalás.

Cando todos estabamos afeitos á qu'os ministros permaneceran cómodamente sentados n-as suas poltronas, lonxe do ambiente da rúa, alonzados do que verdadeiramente é o pobo, ocorre qu'os ministros da Fazenda e de Instrucción, abandonando a comodidade das suas residencias oficiais, lanzan-se á pública porpaganda dos seus ideaes, e diante do pobo axuntado en Asamblea soberana, ali onde auvaron, fixeron a eisposición dos seus programas, trazando normas e asíñalando orientazóns ás masas, que respeitosamente e con gran entusiasmo acolleran a voz dos pirmeiros conselleiros europeizados i-europeizantes que tivemos nos consellos da Coroa.

Caro qu' o procedimento non é algo qu'haxan visto a imprantar agora por primeira vez os ministros en custión; mais ningún podrá negar que, si esto sucede en moitos países estranxeiros, en España resulta d'unha novedade estraordinaria. E qu'ista novedade haxa chegado á sere algo real, débese eiscrusivamente á aición catalana, qu'ô decidírese á participar das responsabilidades do Goberno soupo trocar a rutina gubernamental por algo novo, oreando o ambiente ministerial e faguendo qu'aires do europeo influxo catalán viñesen á escorrer as brétemas noxentas que tiñan envolventas as Cámaras onde s'acochan os outos poderes do Estado. E d'iste xeito, a influenza catalana, que tanto condenan—i-elo é moi natural—os ven avidos cō estado vergoñoso en qu'España s'atopou até os momentos atuais, ven a amostrar unha vez mais que soio por ela, eiscrusivamente por ela, a obra de reintegración d'España a Europa non é un son, como moitos suponían, sinón unha tanxible realidade.

XAN QUINTO.

CADRO MOURO

Unha vez mais, a vergoñosa caciagueiría que padecemos amóstrase tal como ela é na vila de Celanova. Un fato d'salariados—xente presidiábel—tratou d'impedire, cō salvaxe argumento dos revólveres, a licita porpaganda qu'os nosos candidatos veñen fagendo por aquelas terras. Mais de nada sirviron os tiros. A porpaganda sigue e a lus ten de alumear até o mais fondo das guaridas onde s'acochan os indutores do crimen...

CADRO BRANCO

Os elementos sanos e conscientes do Ferrol, todos aqueles elementos que pensan pol-a sua conta sentíndose cibdadáns d'un pobo civilizado, organizaron un gran mitin galeguista, qu'axiña terá de celebrárese. Iste mitin será como a resposta axeitada qu'un pobo digno dona ós escravos do incivilismo, e ó mesmo tempo, como lavado pr'ò borrón d'intransixenza africana que sobor dos ferroláns ceibou inconscentemente, a borregueiría d'uns poucos.

DE MIN PRA VOS

Si é parvo, non se persente

«Perciso un rapás espelido, pr'ô meu servizo. Pagarei ben; si é parvo, non se persente». Isto lêu nos anunzos d'un xornal e ô pe a direizón do solicitante, o bô de Xaquín Candal, qu'atopábase sin emprego e sin cartos. Termiñal-a leitura, faguer un rapsodo de concenza de si era ou non parvo, e poñérese en direizón de casa do anunzante, todo foi un.

Chegou, estricou o chaleque pra baixo, petou, e ô pouco de o faguere abriron a porta, e viu diante d'il á un sifior outo, coma de corenta anos, vestido co-unha bata caseira, e moi ben peitado e afeitado. Só mellaba sere d'isa cras de sifiores que pr'ôs servire ô seu gusto, e mèster visitare unha naipera pra estare en sabenza do millor xeito de servil-los e que non s'encabuxen.

—¿Que desexaba vostede?—perguntoulle o sifior outaneiramente.

—O que vostede percisa—contestoulle Xaquín do mesmo xeito.

—No anunzo
—Non sifior, no anunzado.
—¿Como é o teu nome?
—Moi difrente do seu.
—Gústanme as rispostas...
—E a min as perguntas.
—En que casas traballache?
—Nas que non souperon enxerguelo meu valimento.
—Por qué o dis?
—Porque non son mudo.
—Eres espelido!...
—D'aquela vostede é parvo.
—Fállasme ô respeto!
—Abondaréi millor.
—Tés razón.
—Conxo fora conmigo, si eisí non foral.
—E ti, ¿contas servirme?
—Nas contas pende.
—Pois entra logo.

Entrou Xaquín sin agardar á que pechava a porta, e dirixindose corredore adiante co-a gorra na man chegou á sala e sentouse. Trais d'il foi o dono, e asomado de tanta afoutés, un tanto encabuxado, reprendéuno:

—Libertades d'abondo son as tuas pra un criado.
—Inda o non son.
—Mais podes sel-o.
—Cand'ô sexa, serei.
—Poida que chegues! — díxolle o sifior sentándose.
—Por folgos non ha ficare.
—Eu son home de poucas espriñas.
—Y eu de poucas perguntas.
—Pol-o tanto, eu perciso un criado...
—Paréceme qu'o estou d'abondo.

—Qu'à mais lixeira indicazón...
—Cúmprall'o seu desexo.
—Ben; enxérguesme.
—Falámol-a mesma lingoa.
—Fala... ¡Reporra, mordín... a lingual Malos dengues,... que foi boal!... ¡E síntome mal!...

Ouvirle Xaquín tal cousa, poñel-a gorra, e sair d'ali com'un raio, foi o mesmo. Ao velo sair de tal xeito o bô do sifior, erguéuse ríndose das tolerías d'aquil rapás, e ainda non tivera moito tempo a se repofiere da risa, cando petaron á porta e atopóuse co-un médico, traís d'iste: o veático, o notario, e

por derradeiro, un home co-un cadaleito e outro cós candeleiros e as velas.

—Vostedes veñen trabucados!—escramou cheo de terror o dono da casa ô vere tan fúnebre cortexo.

—¿Non vive eiquí don M... R...?—perguntaron todos á un tempo.

—Vive, e son eu; mais xa se decatarán que non estou ainda pr'ôs vosos servizos. ¡Isto non deixa de sere unha broma ben pesada!... ¿Quen os avisou?

—¡Eu!—berrou Xaquín, acorando pol-a earreira que dera persentándose diante d'il.

—¿Ti?...
—Eu, qu'ouvinlle decir que sentíase mal, e sin mo decir, enxerguin-o, e cumprinlle o seu desexo até o remate.

RICARDO CARBALLAL.

Publicamos istos rexos versos de D. Manuel Lugrís Freire, recitados maxistralmente pol-o noso irman Troncoso ô remate do apropósito carnavesco, onde persentan unha fermosa apoteosis da nosa terra, por sere nosa obriga o dare publicidade a todo aquello que leva por fin a redenzón da nosa patria asoballada. Reciban autor e atores nosas mais fondas gabanzas. ¡Terra a nosal!

Velahi quedan os políticos,
os sanguesugas da terra,
facendo do patriotismo
unha descarada feira.
A xusticia, pol-as nubes;
a libertá, na cadea;
á honradés, desconecida;
a vergonza ¡quén a dera!
e así vai pasando o tempo
sin que pra Galicia venga
a redención cobizada
nas almas nobres e rexas.
¡Abonda xa de paliques!
¡á poñer man na tarefa!
quen ame á patria nativa
e teña sangue nas veas,
e lembre qu'está acorando
co'as inxusticias a terra,
non ten de faltar agora
na gran loita que se acerca!
C'unha basoira debemos
de barrer esa ralea;
e si repoñer quixere,
c'o mango fenderelle a testa.

Xa son chegados os tempos
da redención. Xa se acerca
a aurora d'un sol enxebre
que soñaron os poetas.

É perciso que Galicia,
salve a sua nobre herencia;
a dinidá dos galegos
está na propia enxebreza.

Vivir coma nós vivimos
valeirando a faltriqueira
con trabucos, que o cacique
ô seu antoxo manexa;
pagar foros e laudemios
e más toda crás d'angueiras,
sin que teñamos camiños,
nin escolas tan siquera,

que o caciquismo aborrece
tamén a letra de imprenta;...
facer en terra afosada
con coidado a sementeira...
e a broa comela nós
e pan branco, quen folgueixa,
vivindo así d'este xeito,
inda qu'estran pareza,
con más fame e pior trato
que o cacique dá a unha besta.

Non nos queda outro recurso
que aquí morrer de miseria,
ou deixar os patrios eidos
pra vivir en terra allea...
e aló, chorar coma escravos
e queixarnos coma femias.

¡Eso non! quen sea un home
vena ô rente da bandeira,
qu'ergueu o rexionalismo
para redimil-a terra.
Quen non se sinta gallego
en estas horas supremas
en que quér o caciquismo
afogar nosas arelas,
nin ten corazón, nin alma
nin instinto tan siquera.

* *

Antes de que teña fin
esta churrusqueira festa,
en que, gracias ô Antroido,
puidemos estar de lería,
veredes a alegría
da nosa querida terra,
y-o patriótico himno
cantaremos de maneira
que resulte unha oración
de libertá y-enxebreza!

Peneirando...

Até o d'agora non sabíamos un verbe do lugare en qu'atopábase o limbo, no que non hai—según temos enxerguido pol-o qu'ouvimos falare,—nin caciques, nin trapalladas, nin noxentas influenzas dos outos persoaxes.

Casariego, o alcalde d'Ortigueira, descubrímos tal paraxe. Segundo il, é o pobo qu'alcaldea e ademinstira co-a vara.

¡Fuxo can!... Onde hai vara, hai cabo, e onde hai cabo de vara, parécenos a nós que non ha de habere as dozuras e as liberdades de tan envexoso paraxe.



Pepe Benito, o xefe da Diputazón provincial de Lugo, é o fel retrato de Xano na terra lucense. Ten duas facianas como il: unha liberal, conservadore ou besadista a outra.

Doutrinas amas nas que predica e dá trigo. Liberal pol-os seus aitos; conservador pol-os seus feitos. Por iso non ropara en pelos com'o pirmeiro, pra conservare o posto com'o segundo.

¡Ai, meu Pardo, a lus do novo día ven axiña, e termiñada a noite da escravitude galega, non todolos gatos hemos de vere do cõr do teu apelido, e tí, qu'és gato e veillo, mostraral-o que tésl!



Moito se fala, pol-as xentes perteñecentes á certos partidos, da libertade, democracia, amor ó pobo, cibdadánía e outras zarandaxas pol-o xeito, mais ninguén se lembra de mental-a vergoña, Pro elo ten eispricazón, e ista é ben sinxela: ¡pra qué falar de vergoña si xa fai tempo que nos deixou?



Datas atráis perguntábase a xente que sería o que Picoreté andivera ás once da noite pol-a rúa Real cantando moi entoad:

Cando quixen non quixeches
agora quero e non queres...

Pois nada mais sinxelo. Antano, cando xubilouse, oponísanse; agora qu'o non quiere, xublan-o. Ten razón que ll'abonda. Xa di el:—Hai quen nace pra chegar tarde, i eu son un, pois até a moda de vestire que está

ô abrangue dos mais probes, endexamais puiden abranguel-a.



Casimiro Torre, qu'a verdade sexa dita é un nome un tanto orixinal pra gobernar unha provincia, fai tanto caso das Reás órdens sobor da ouservanza de desparcialidade nas eleccións, qu'está faguendo o de sempre en combinazón cós segredarios dos Aumentos.

Casimiro, casi vexo, qu'onde sigal-o camiño que levas, vaiche á vir un responso da vila podre, que inda has de cavilare si chegou a Somana Santa.



Donando a autonomía ás rexións, matríase o caciquismo. O caciquismo sostén a cadea que vai do goberno a todolos xefes civiles, económicos e militares de todalas provincias, e a todolos alcaldes dos pobos. Crebada a cadea, o caciquismo morre.

F. PI Y MARGALL.

LIT. E IMP. ROEL-CORUÑA

Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello pr' o DÔR DE CABEZA*, porqu' eisí quen llo venda, fica en libertade de darlle calquer *sustituto ou imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo **SELLO YER**, e sí outro calquera, cuios efectos serán sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

Pida, eisixa vosté sempre o

SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 GÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODALAS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárgeno de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGRAVADO



BARRERA, 7

NOVO LIBRO

Da Terra
asoballada

POESÍAS

DE
Ramón Cabanillas



De venda en todalas librerías e na ademinstra-zón d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

**FRÁBICA MECÁNICA
:: DE CALZADO ::
— DE —**

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLOREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, exportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e
mais económicas cubertas,
son as


PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

BALDOMIR

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

**LABREGOS:**

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicíos ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas**DE****Romero Hermanos**

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

F E R R O L**H. LA PALOMA****DE****Ramón Morandeira**

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da sua cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa; un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa polo enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO-VIGO

COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LÍNEA DE HABANA E VERACRÚS

Prezo en terceira á Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba polo prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todolos equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto todalas tarxetas de visita, pois non se deixa entrar a bordo.

**FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR
E DECORAR CRISTAL**

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de todalas cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA**Farmacia da Silva**

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS
SURTIDO COMPRETO

Silva .. A Cruña

Os esquisitos VIÑOS do**VALLE DE MONTERREY - Ourense**

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2.ª EDICIÓN)

Librío ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuímos e opiniós de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Anón Villas Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.- — Ourense. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á mitade do prezo sinalado.